

MARÍA CASARES
A CÉLEBRE REFUXIADA,
A DESCOÑECIDA

1ª. edición en Aira, 2022

© Arancha Estévez, 2022

Sobre a edición revisada do libro *María Casares*

1999, Edicións A Nosa Terra, Vigo.

2022, CENTENARIO DE MARÍA CASARES

Aira editorial, 2022

© Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

Deseño da tapa: Jorge Campos

Fotografías e Ilustracións:

Arquivo do Reino de Galicia. Colección fotográfica

Familia Casares Quiroga (imaxe da tapa, 13, 15, 16, 23, 27, 79),

Arquivo da Bibliothèque Nationale de France (20, 29),

Biblioteca Municipal de Estudos Locais, A Coruña (15),

Real Academia Galega (64),

Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música, Madrid (87)

Impresión: Imprenta Mundo.

ISBN: 978-84-124512-5-2

DL: OU 65-2022

Reservados todos os dereitos.

O contido desta obra está protexido pola lei.



MARÍA CASARES
A CÉLEBRE REFUXIADA,
A DESCOÑECIDA

ARANCHA ESTÉVEZ





Se vostede non sabe da extraordinaria vida de María Casares, non se preocupe, é algo que comparte con moita xente. Eu descubrín nalgún momento do 1997. Un compañeiro da redacción do semanario *A Nosa Terra*, Xan Carballa, deixoume o libro de memorias *Residente privilexiada*, publicado no 1980 en francés, un ano despois en castelán e, bastante máis tarde, no 2009, traducido ao galego por Ana Belén Martínez Delgado. Sabía dela que era actriz, nacida na Coruña, exiliada en Francia, onde era *célebre*, e que fora parella de Albert Camus. Pouco máis, pero foi engado dabondo para devorar as catrocentas páxinas dos recordos dunha muller, á que aínda lle quedaban anos de vida e obra por diante, pero que decidira *ordenar* o seu pasado en forma de libro, con especial dedicación e sentimento para a súa infancia galega, para a súa condición de exiliada e para os seres máis queridos do seu ámbito. Hai libros que cambian a vida, non é unha esaxeración. Para min este foi un deles. Provocou en min —tamén é certo— un laio recorrente por non coñecela en vida nin poder entrevistala. Falecera o 22 de novembro do 1996.

María Casares nacera tamén en novembro, un 21, do 1922, na Coruña, filla do avogado e político Santiago Casares Quiroga e de Gloria Pérez Corrales. Creceu entre a cidade e as vilas de verán das que a familia desfrutaba en Montrove (Oleiros). A partir do 1931, coas novas responsabilidades do seu pai no goberno da II República, a familia trasladarase a Madrid durante o curso e Galicia fica reservada para as vacacións de verán. Chega a Francia no 1936, a punto de facer os catorce anos, despois de que o pai decidira que a marcha da súa muller e filla cara ao exilio non debía agardar máis.

A SUBSTANCIA GALEGA

«Eu nacín neste curruncho de terra que vira as costas ao continente e, non obstante, recibe os peregrinos de Santiago de Compostela; na Coruña, vila peninsular anicada nunha baía, sobre a punta do nariz que a península ibérica sinala no Atlántico. Unha nena máis nesa tribo bulideira, daquela de familias numerosas, ás veces de vinte nenos; pero tamén de «inocentes», de fadas errantes de vila e de aldea, respectadas, benqueridas, mesmo consideradas sagradas.»

Non é unha nena máis. María Victoria Casares Pérez é a filla dun ministro e a continuadora dunha familia burguesa da Coruña. Iso si, nace sen querer. «Por descoído ou por torpeza», conta. Epilepsia e tuberculose son marcas da familia que xa levaron máis dun ao cemiterio. Por esta razón, Santiago e Gloria, os pais, non tiñan entre os seus plans ter descendencia. «Pero como non era un gato non ían tirar comigo ao mar».

Así que o 21 de novembro do 1922, grazas á fortaleza física da súa nai, María nace sen problemas de saúde. Os nove meses de embarazo son seguidos de perto polo médico da familia. Gloria tamén recorre á sabedoría popular e á natureza na procura de herbas que a axuden a levar a cabo esta empresa. Toma a decisión de darlle o peito ela mesma e, nuns días, Vitola ou Vitoliña, como a van chamar na casa familiar, chega ao peso de cinco quilos. Só hai un problema, ten demasiados gases e os seus pais non poden durmir pola noite cos ruídos da cativa.

«O leite das nosas vacas é demasiado forte para os recién nacidos. Hai que rebaixala con auga mineral», dille o doutor Barbeito a Santiago. O médico non cae na conta de que é a propia nai quen lle está dando leite a Vitola.

Todas as precaucións son poucas. Santiago Casares Quiroga padece de tuberculose. Nacido no 1884, vai ser o único supervivente de nove irmáns que a súa nai, Roxelia, pare noutros tantos anos. Os continuos ataques de epilepsia fan que Roxelia sexa «retirada» polo seu home, Santiago Casares Paz, a unha casa que posúe en Cambre. As visitas van ser máis ben escasas e o avó de María, avogado, líder do

vello Partido Federal e ex alcalde da Coruña, instálase só co persoal de servizo no domicilio familiar da rúa de Panadeiras. María xa non coñece en vida nin a seu avó paterno nin os seus tíos, todos mortos. Queda a tía Candidita, viúva de Arturo Casares —morre o mesmo día da voda—, quen lle narra contos de medo a María na súa cama antes de apagar a luz polas noites.

Tampouco coñece o avó materno, o «forasteiro», un home con dúas familias do que María, cando ten uso de razón, non quere facer preguntas. Cos anos descobre que o «forasteiro» é de Cáceres, apelídase Asensio e defende como militar a República en Madrid durante a guerra do 36. A avoa de María chámase Pilar Pérez. É cigarreira e nai solteira de tres nenos: un home, que morre novo, e dúas mulleres: Gloria e Celia. «O único que sei é que Galiza é quizais o único lugar de España no que unha muller soa e solteira, cigarreira de oficio, podía lograr a fazaña, a principios de século, nunha cidade de provincias, de traer ao mundo tres fillos do mesmo home, casado para máis señas, e educalos, conservando o respecto e a estima dos seus concidadáns».

Enfermidade e morte tamén percorren a rama familiar da nai, dunha clase social oposta á que representa a familia paterna. A tía Celia, casada cun practicante, ve morrer tres fillas. María aínda ten tempo de xogar con dúas delas. A propia Celia é marxitada ao sufrir de agudos ataques epilépticos. Cos antecedentes, non é de estrañar que na teima de preservar a saúde da pequena, Casares Quiroga decida vestila cun «mameluco» que deixa ao aire as pernas e brazos de María. Os coidados tamén significan pasar varios meses do ano no campo e, incluso, durmir á intemperie.

Hai outra personaxe da familia que tamén existe antes de que María chegue ao mundo. Chámase Esther e é a súa media irmá. No 1922, con María a punto de nacer, Esther padece unha lesión pulmonar a causa dun réxime de adelgazamento, que coma se dunha idea anovadora e revolucionaria se tratase, trae de París, onde estuda. O réxime consiste en non comer, e, inmediatamente, Casares Quiroga prohíbelle levar adiante este invento.



María Victoria Casares Pérez de pé no colo da súa irmá Esther Casares na Coruña, 1923.